



GUIÓN PARA ELABORAR E COMENTAR UN CLIMOGRAMA




Un **climograma**, ou **climodiagrama**, é un gráfico no cal se representan as **temperaturas** e **precipitacións** dun lugar ó longo dun ano. Para elaborar e comentar un climograma, podemos seguir os seguintes pasos:

⚙ ELABORACIÓN:

- 1) Facemos un **eixo vertical** no que representaremos as temperaturas (T - °C), outro eixo **horizontal** onde representaremos os meses do ano (facemos 12 espazos co nome do mes no centro do espazo) e **outro vertical** no cal representaremos as precipitacións (Pp - mm).

Sinalo en cada eixo o que vou representar coas súas **unidades** (graos centígrados no eixo esquerdo, e milímetros no dereito).



- 2) Miro a **temperatura** máxima que debo representar e a mínima, e fago o mesmo coas **precipitacións** para elixir as escalas axeitadas. **IMPORTANTE:** O valor das precipitacións ten que ser o dobre do da temperatura á mesma altura. É dicir, se poño “5” nas temperaturas, nas precipitacións terei que poñer “10” (*fixate no exemplo*).

Empezo a representar con **puntos** as **temperaturas** no centro de cada mes. Cando remato, uno os puntos cunha liña vermella.

- 3) Represento as **precipitacións** cunha barra azul en cada mes.

⚙ COMENTARIO:

1. Analizo as **temperaturas**: máxima, mínima, oscilación ou amplitude térmica anual e temperatura media anual.
2. Analizo as **precipitacións**: totais, distribución ó longo do ano (máximas, mínimas) e se hai estación seca.
3. Coas características das temperaturas e as precipitacións, sinalo o **tipo de clima** e elaboro unha redacción **comentándoas**.
4. Localizo xeograficamente o clima, explicando onde se **sitúa**. Indico os trazos característicos da súa **vexetación**.